

hai 16 horas | [Cultura](#)

Medra a inquietude en torno á Radio Galega pola fin do 'Diario Cultural' e das desconexións locais

Redacción | [@prazapublica](#)

- [A CRTVG asegura que o 'Diario Cultural' vai "cambiar de formato" para ser "estrutural na grella"](#)

A nova da supresión do programa *Diario Cultural* da Radio Galega, [que pasará a diluír os seus contidos en varios espazos da grella da emisora pública](#), provocou unha importante reacción de protesta. Ás voces anónimas e de persoeiros do mundo da literatura, o audiovisual ou o espectáculo uníronse as denuncias de formacións políticas e de numerosos colectivos como a Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG) ou a Asociación de Actores e Actrices de Galicia (AAAG). Todos critican, tamén, a anunciada eliminación das desconexións locais informativas que até o de agora tiñan tamén o seu propio espazo na emisora pública e que, din, suporá o "control político" das novas a tan só un ano dos comicios municipais.

A AELG, nun comunicado, demanda a continuidade do *Diario Cultural* sen o cal, advirten, **as escritoras e escritores galegos "perderían a xa minguada visibilidade social que teñen nos medios de titularidade pública"**. "Eliminan un recoñecido programa, emblemático, e diminúe deste xeito a xa cativa programación sobre a nosa cultura e a nosa literatura", din, ademais de criticar tamén a desaparición das desconexións locais informativas e unha mudanza que "empobrece de xeito determinante o conxunto da Radio Galega e pode comportar o control político pleno de todo o que se emita en detrimento do plural da realidade cultural galega e do irrenunciable dereito xeral da cidadanía a obter dos medios públicos unha información obxectiva, próxima, plural e veraz, que respecte tamén os distintos ámbitos onde acontece a creación cultural".

Ademais, a Asociación Galega de Editoras tamén dixo ["reivindicar a permanencia do Diario Cultural na Radio Galega"](#) polo seu apoio e difusión do libro galego", nunha demanda semellante á [expresada pola Mesa pola Normalización](#), que se sumou "ao clamor para que se manteña na programación". Tamén desde a Deputación da Coruña recoñeceuse o "labor fundamental" do programa "á hora de difundir a nosa cultura durante tres décadas", polo que se dirixiu á Radio Galega para "solicitar que o espazo que

é un referente de xornalismo cultural continúe na grella, para ben da nosa cultura". Do mesmo feito fixérono importantes figuras do mundo da literatura ou do audiovisual galego.

Desde a AAAG reivindicán o "inxente labor" de *Diario Cultural* e lembran as "funcións de servizo público da Radio Galega e da TVG". Ademais, solicitan nun comunicado aos responsables da emisora pública "que recapaciten, recúen nesta inxustificable decisión, conserven o *Diario Cultural* e aposten verdadeiramente pola visibilidade da nosa cultura, obriga do ente público que está lonxe de cumprirse".

Ademais, o Colexio de Xornalistas defendeu tamén nun comunicado "a información de proximidade como un pilar básico dos medios públicos" e expresou a súa "fonda preocupación" pola anunciada desaparición das desconexións locais informativas. Respecto da supresión do *Diario Cultural*, lamenta a "desaparición do formato referencial da cultura nos medios públicos".

En canto ás formacións políticas, xa nas súas primeiras reaccións, En Marea e BNG consideraron "inadmisíbel o desmantelamento, por parte da dirección da CRTVG, do programa *Diario Cultural*" e acusaron o PP por "continuar dando pasos cara ao uso absoluto da Compañía ao seu servizo, e de eliminación das voces e contidos críticos". Compostela Aberta, Marea Atlántica e numerosas figuras políticas da oposición uníronse ás críticas, que tiveron a súa repercusión no Parlamento.

Así, **En Marea, PSdeG e BNG solicitaron a comparecencia urxente na Cámara do director xeral da CRTVG, Alfonso Sánchez Izquierdo, para que explique no Parlamento os polémicos cambios na programación da Radio Galega.** A deputada do Bloque e portavoz na comisión de control da Compañía, Olalla Rodil, avanza que para a formación nacionalista "é inadmisíbel a supresión das desconexións locais dos informativos radiofónicos que traerá unha maior centralización e control da información así como a perda das referencias horarias coas que durante anos contou a poboación para coñecer a actualidade de proximidade", alegou.

Rodil tamén advertiu do feito de que esta supresión dos informativos locais "se executa apenas a un ano das eleccións municipais de 2019". A deputada entende que estes cambios "supoñen unha vulneración flagrante e inadmisíbel dos principios de pluralismo e proximidade que deben rexer nun servizo público como a Radio Galega garantindo, ademais, o dereito de acceso á información".

Outro dos cambios cuestionados é a supresión do *Diario Cultural*. Para o BNG, a dirección do ente público "pretende difuminar o único espazo cultural e un dos programas máis lonxeiros da radiofusión galega", cando un dos obxectivos básicos dos medios públicos é precisamente promover e difundir a lingua e a cultura do país.

A desaparición do actual formato de *Diario Cultural*, tal e como lembra o BNG, súmase ao "progresivo desmantelamento" da programación cultural que desde 2009 executa o PP e

a dirección da CRTVG, coa supresión de programas como *Aberto por reformas*, *Planeta Furancho*, *Onda Vital*, *Alalá*, *Libro Aberto*, *Onda Curta*, *Planeta Cine* ou *Eirado*.

O comité intercentros denuncia o "desmantelamento do servizo público"

Alén disto, o comité intercentros da CRTVG, que foi informado o martes da nova programación, denunciou tamén que a dirección da Compañía "está a desmantelar o servizo público de comunicación audiovisual encomendado polo Parlamento de Galicia". "A desaparición de *Diario Cultural* despois de case 30 anos nas ondas e a anunciada supresión das desconexións territoriais locais, espazo tradicionalmente reservado para a información de proximidade, son en opinión dos sindicatos medidas inasumibles que, lonxe de obedecer a un reforzamento do medio, contribuirán decisivamente ao deterioramento do servizo público que este órgano de representación leva anos denunciando", expresan nun comunicado.

Para o comité intercentros, coa "inxustificada" desaparición do *Diario Cultural* no seu formato actual, "a Radio Galega silencia un facho de referencia cultural e pecha unha das poucas fiestras que quedaban na emisora de todos e todas para cumprir coa misión que a CRTVG ten de promover a difusión e a divulgación da nosa cultura na nosa lingua".

Con respecto ás desconexións territoriais, e tras denunciar que o proceso de desmantelamento iniciouse xa en 2010 co peche das delegacións de Ferrol, Burela e Pontevedra, o comité intercentros considéraa unha medida "estritamente política que obedece ao interese do PP de controlar a información local de cara ás eleccións municipais do ano vindeiro". Neste sentido, o comité denuncia que coa supresión desas desconexións aumentará aínda máis a manipulación informativa, cuxos contidos pasarán a ser controlados e seleccionados desde a central de San Marcos".

O comité intercentros celebrará asemblea de traballadores o vindeiro luns 14 de maio para acordar co persoal da CRTVG as mobilizacións que se desenvolverán para "esixir a reversión destas medidas, contrarias á razón de ser da CRTVG e que están a causar grande indignación entre un plantel canso xa de poñer a cara e o corpo para seguir a cumprir coas súas obrigas laborais nun contexto de descrédito social cada día maior".

COA TÚA [ACHEGA](#) FAS POSIBLE QUE SIGAMOS PUBLICANDO NOVAS COMA ESTA.

OUTRAS NOVAS RELACIONADAS:

hai un día | [Cultura](#)

[A Radio Galega supprime o programa 'Diario Cultural'](#)